

ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE AMES
Exercicio 2023
PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO EXERCICIO 2023
EXPEDIENTE: 1640/2022

Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2023, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensiva de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de secretaria e intervención sobre a documentación e procedemento de aprobación do orzamento para o exercicio 2023

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto .

Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Ames para o exercicio económico 2023 xunto coas súas Bases de execución, e demais anexos que o compoñen e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

Orzamento de gastos:

GASTOS	2023
CAPÍTULO 1.- Gastos do Persoal	11.042.467,86
CAPÍTULO 2.- Gastos correntes en bens e servizos	14.766.171,58
CAPÍTULO 3.- Gastos financeiros	10.959,29
CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes	1.232.142,65
CAPÍTULO 5.- Fondo de Continxencia	0,00
Gastos correntes	27.051.741,38
CAPÍTULO 6.- Investimentos reais	2.577.000,61
CAPÍTULO 7.- Transferencias de capital	8.000,00
Gastos de capital	2.585.000,61
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	29.636.741,99
CAPÍTULO 8.- Activos financeiros	12.000,00
CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros	76.564,78
Gastos Financeiros	88.564,78
TOTAL GASTOS	29.725.306,77

Orzamento de ingresos:

INGRESOS	2023
CAPÍTULO 1.- Impostos directos	8.767.772,49
CAPÍTULO 2.- Impostos indirectos	600.354,50
CAPÍTULO 3.- Taxas e outros ingresos	6.960.853,27
CAPÍTULO 4.- Transferencias correntes	11.449.036,49
CAPÍTULO 5.- Ingresos patrimoniais	168.000,00
Ingresos correntes	27.946.016,75
CAPÍTULO 6.- Alleamento de investimentos reais	0,00
CAPÍTULO 7.- Transferencias de capital	1.645.223,90
Ingresos de capital	1.645.223,90
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	29.591.240,65
CAPÍTULO 8.- Activos financeiros	12.000,00

INGRESOS	2023
CAPÍTULO 9.- Pasivos financeiros	122.066,12
Ingresos Financeiros	134.066,12
TOTAL INGRESOS	29.725.306,77

SEGUNDO. Aprobar inicialmente os cadros de persoal, comprensivos de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira para o exercicio 2023 :

Capítulos 1 a 7 de Ingresos	29.591.240,65	Capítulos 1 a 7 de Gastos	29.636.741,99
Axustes SEC ingresos	-154.857,40	Axustes SEC gastos	-679.716,88
Ingresos no financeiros Asustados	29.436.383,26	Gastos no financeiros Asustados	28.957.025,10
Superávit/déficit	479.358,15		
Teito de gasto non financeiro en equilibrio:	29.436.383,26	Para o cálculo do límite de gasto non financeiro, que se expresa en términos orzamentarios, engadimos o superávit así calculado aos gastos considerados:	

CUARTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2023, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello e páxina web, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

SEXTO. Remitir copia á Administración do Estado , así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma

O alcalde

José Blas García Piñeiro.